

Ortigueira



Mon Fernández (deputado BNG), Fani Pérez (responsábel local), Kai Ríos (Deputado BNG)

Charla informativa do BNG sobre os parques eólicos

Sábado, 18, ás 8 da tarde, en Espasante

Despois da boa acollida da charla informativa ao respecto da situación do Transporte Público no Ortegal, o BNG de Ortigueira organizará en maio unha nova charla informativa sobre os impactos e afeccións da construción dos Polígonos Eólicos do Barqueiro e do Badulaque, sen esquecer tamén doutro máis pequeno, o Penas Longas.

Esta charla dará comezo ás 20.00 horas, no Restaurante Orillamar, en Espasante, o vindeiro sábado, 18 de maio.

Nesta ocasión, contaremos coas intervencións de **Mon Fernández** e **Xosé Manuel Golpe**, deputados do BNG e encargados das áreas de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, así como, con **Marco Schaal**, portavoz e concelleiro municipal en Ortigueira,

O BNG de Ortigueira anima á veciñanza a participar nesta nova palestra na que se poderá contar cunha visión experta na materia sobre como funciona o modelo eólico actual e como nos pode afectar a construción destas infraestruturas.

Dentro da campaña **Nin espolio, nin depredación. Enerxía eólica sustentábel, xusta e galega!**, o Bloque desenvolve actos informativos para que a veciñanza afectada conte con coñecementos sobre as implicacións e os custos que posúe a construción dun parque eólico. De igual xeito, dar a coñecer o actual sistema legal e administrativo para a súa promoción e explotación.

As parroquias de Ortigueira recibirán a visita do BNG nos “Encontros coa Veciñanza”

O pasado mes de xaneiro comezamos os “Encontros coa Veciñanza” que nos levará a percorrer toda a nosa xeografía.

Nestes encontros visitaremos cada unha das 22 parroquias que constitúen o Concello concello de Ortigueira, para retomar a rolda de contactos presenciais coas asociacións veciñais, para coñecer o nivel de execución das obras, escoitar as inquedanzas, preocupacións e principais necesidades da veciñanza.

Estes encontros consisten en xuntarnos coas asociacións veciñais e todas as persoas das aldeas para compartir, aprender, escoitar e despois ir trasladando iniciativas e demandas diante do goberno municipal.

Até o momento xa realizamos varias xuntanzas e por diante queda un longo camiño para escoitarvos a todas.

Iremos anunciando as xuntanzas con cartaces e nas nosas redes sociais (facebook, instagram e grupos de difusión de whatsapp e telegram).



Marco Schaal e Fani Pérez nun “Encontro coa Veciñanza”

Solicitamos o mantemento, conservación e arranxo do mobiliario público

Somos conscientes de que os parques públicos e infantís, as áreas de lecer, os paseos marítimos e o mobiliario urbano en xeral se van deteriorando co paso do tempo, mais tamén por non adoptar as medidas de conservación oportunas.

Xa se converteu en algo cotián atopar en mal estado moitos parques, farois rotos ou sen iluminación, paneis deteriorados, ferruxe en máquinas, paseos de madeira rachados e con limo, valos de madeira en mal estado... Todo isto provoca un grande malestar na veciñanza e un aspecto de abandono e tristura a toda persoa que visita o noso concello, especialmente en temporada de vacacións.

E todo isto é pola falta dun “Plan de mantemento e conservación” do que carece o goberno municipal PP-XA e que o BNG levaba no seu programa electoral para actuar sobre estas deficiencias e poñerlle solución.

Desde o BNG fixémonos eco deste malestar e presentamos varias solicitudes para arranxar o alumado defectuoso, se actualice a “axenda cultural” mensual nos paneis informativos das parroquias, se remate de ancorar os colectores nas parroquias, arranxo dos paneis turísticos ou unha limpeza integral dos espazos públicos.

Algunha das nosas solicitudes foron atendidas, no caso doutras, a veciñanza segue agardando o seu arranxo.



Imaxes do estado no que se atopa diferente mobiliario público

O BNG anima á veciñanza a participar e achegar iniciativas na Caixa de Correo da súa web

Animamos á veciñanza de Ortigueira a practicar unha nova política, fundamentada na participación cidadá.

Entendemos que a democracia non se reduce simplemente a votar cada catro anos. Vai moito máis alá. E isto implica proporcionarlle á cidadanía as ferramentas e a oportunidade para que realmente participe na toma de decisións. De aí que veñamos de crear unha nova ferramenta para animar á veciñanza a participar de forma activa nas decisións que nos afectan como veciñas e veciños de Ortigueira.

Entrando na nosa páxina web (ortigueira.bng.gal) atoparedes a Caixa de Correo (o "buzón anónimo") e nel poderedes deixar as vosas propostas, suxestións, rogos e preguntas e que nós, despois de estudalas, trasladaremos ao goberno municipal.



O BNG promove a regulación das axudas escolares

Que as limitacións financeiras non impidan que calquera estudante teña acceso á educación pública e de calidade

O BNG vén de presentar unha moción para o seu debate e posíbel aprobación, para instarlle ao goberno municipal a elaboración das bases das axudas escolares para o curso 2024-2025.

O noso portavoz municipal, Marco Schaal, destaca a importancia destas medidas para garantir a igualdade de oportunidades na educación. Argumenta que “é crucial definir os criterios para solicitar as axudas e que as familias e as escolas poidan organizarse adecuadamente”.

Ademais, o BNG buscará o apoio dos demais partidos políticos para garantir que estas axudas sexan concedidas xa para o próximo curso 2024-25. Solicítase que a partida reservada especificamente no orzamento a este fin, e que nunca se concedeu por non ter redactado en tempo e forma as bases, sexa ampliada máis alá dos 25.000 euros actuais. Esta acción demostra o compromiso do BNG non só coa identificación de problemas, senón tamén coa proposta de solucións concretas e viábeis.



Marco Schaal, portavoz do BNG

Esta demanda do BNG reflicte, unha vez máis, o compromiso de desenvolver unha alternativa de goberno e buscando solucións aos problemas da nosa veciñanza de xeito construtivo. Tamén demostra o noso compromiso na construción dun sistema educativo máis equitativo e inclusivo en Ortigueira. A través desta moción, preténdese non só beneficiar ás persoas estudantes, senón tamén ás súas familias e, consecuentemente, á comunidade educativa en xeral.

En definitiva, esta iniciativa busca asegurar que ningunha persoa estudante sexa privada do acceso á educación pública e de calidade debido a limitacións financeiras.



'Galiza está alí onde está o BNG. Somos quen defende este país, aquí, en Madrid e en Europa'

Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

O vindeiro 9 de xuño hai eleccións Europeas.

Si, e temos que dicir que son unhas eleccións importantes para Galiza. A Unión Europea define hoxe o marco de moitas políticas que despois se aplican a países como o noso, e é moi importante ter voz propia en Bruxelas para defender os nosos intereses. Iso só vai ocorrer coa representación do BNG.

Insiste vostede moito nunha frase: "Galiza está se o BNG está".

Claro, é que é así, e sábeo todo o mundo, incluso aquelas persoas que non votan BNG recoñecen que politicamente Galiza ten voz e ten capacidade de negociar unicamente cando o BNG ten representación nos diferentes Parlamentos en que nos xogamos cousas. Somos a forza política deste país, somos a forza galega. A única á que os galegos poden votar que só ten unha lealdade: Galiza e os intereses dos galegos e das galegas, o noso presente e futuro.

Nestes anos o BNG xa estivo en Bruxelas con Ana Miranda como eurodeputada.

Exacto, e o traballo intenso que se fixo alí, dando voz e defendendo a nosa posición en temas como o naval, a política agraria, a política de pesca ou a defensa dos dereitos e liberdades demostran a importancia de estar alí para facernos valer. A Ana Miranda chámalle en Bruxelas "Madame Galice", porque ela é a voz de Galiza en Bruxelas. Hai máis eurodeputados galegos, pero só abren a boca para dicir o que lles mandan desde Madrid e votan en contra de propostas que benefician a Galiza.

O BNG é moi crítico coa Unión Europea.

Absolutamente. Fómolo sempre e seguímolo a ser. Infelizmente todo o que foi pasando veu darnos a razón. A Unión Europea nunca foi un proxecto social e político construído en favor dos dereitos sociais e da prosperidade dos pobos e das persoas. Foi un proxecto económico, un mercado común, ao servizo do grande capital, e absolutamente sumiso no político aos intereses de Estados Unidos e da OTAN. Nós somos unha forza pacifista, que cre na democracia, no benestar, na xustiza, no respecto entre os pobos, na diversidade. A UE hoxe, en temas como o xenocidio que Israel comete en Gaza contra o pobo palestino, cala de forma vergoñenta, ao tempo que toca tambores de guerra noutros lados. É dun cinismo insoportábel. Para Galiza, ademais, o modelo que propón é financiar o desmantelamento dos nosos sectores produtivos en beneficio doutros territorios. Loxicamente estivemos e estamos en contra desas políticas.

Que defende o BNG?

Defendemos unha Europa social, diversa, dos pobos e das persoas. Defendemos un modelo que aposte polo diálogo e pola paz no contexto internacional, por entender que imos a un mundo multipolar e que Europa ten que defender políticas que aposten pola vida, pola igualdade, pola vida digna de todas as persoas, pola ecoloxía, pola xustiza social, polo desenvolvemento económico sustentábel. E comezar polo recoñecemento da diversidade nacional interna. Somos unha forza que aposta pola vida, o futuro e a humanidade, fronte a quen está no militarismo, no espolio e na lei da selva.

SÍGUENOS
NAS RR.SS.

Tif: 981 36 40 58



ortigueira@bng.gal



[@bng_ortigueira](https://www.instagram.com/@bng_ortigueira)



t.me/informacionBNGortigueira



[bng.ortigueira](https://www.facebook.com/bng.ortigueira)